

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA DESESTIMACIÓN POR PARTE DO TSX DE GALICIA (STZA.00159/2022), DO RECURSO DE APELACIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE LUGO CONTRA A SENTENZA NÚM. 193/2021 DO 30.07.2021, DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE LUGO, (PROCEDEMENTO ORDINARIO 138/207), CONFIRMANDO INTEGRAMENTE A SENTENCIA RECURRIDA EN APELACIÓN E OBRIGANDO O CONCELLO DE LUGO A INDEMNIZAR AOS INTERESADOS, POR INCUMPRIMENTO CONTRACTUAL DO CONVENIO URBANÍSTICO E A PAGAR OS XUROS CORRESPONDENTES.

Vista sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 00159/2022 do 08.04.2022, polo que se desestima o recurso de apelación interposto polo Concello de Lugo contra a sentenza nº 193/2021, do 30.07.2021, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no procedemento ordinario 138/2017, confirmando integramente a sentenza recurrida en apelación.

Vista sentenza num. 193/2021 do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.2 de Lugo, do 30.07.2021, de estimación do recurso contencioso administrativo interposto pola representación procesal de VIRTUDES PRADO FERNÁNDEZ, MANUEL RICARDO PRADO VEIGA e EVA MARÍA PRADO VEIGA, obrigando o Concello de Lugo a indemnizalos no importe de 433.922,37 € por incumprimento contractual do convenio urbanístico.

Visto cálculo de xuros efectuado pola Asesoría Xurídica o 19.04.2022, asinado polo seu xefe, don Manuel Louzao Aldaríz, cun importe de 80.495,55 €

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 957/2022 de día 08.06.2022, así como RCMOD núm: 2022/40822 do día 08.06.2022, por importe total de 514.417,92 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 514.417,92 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte positiva do presente decreto:

APLICACIÓNS	APLICACIÓNS
-------------	-------------

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac7862461729724369235.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 14-2022 Sentenza Urbanismo

<u>ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
16210.22799	514.417,92 €	15100.22604 15100.31000	433.922,37 € 80.495,55 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	514.417,92 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	514.417,92 €

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.